
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE XUÑO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada N-541a (variante de Carballiño) e un resto da estrada OU-202 (rúa Martínez Avellanosa), a prol do Concello do Carballiño.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015/16.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o procedemento e o modelo de convenio co que se poderá formalizar a colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades de crédito para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e a cesión de vivendas baleiras destinadas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da Orde de convocatoria de oito bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro



Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2015, 2016 e 2017, por un importe total de cento noventa mil oitenta euros (190.080,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos trinta e catro mil setecentos noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos (634.792,56 euros).
- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a actualización do valor medio dos bens inmoebles urbanos e sobre a modificación do procedemento de comprobación do seu valor.



A XUNTA APROBA UN NOVO REGULAMENTO DO CONSELLO CONSULTIVO PARA MELLORAR O SEU FUNCIONAMENTO E ADAPTALO Á LEGALIDADE VIXENTE

- ***Este regulamento atende ao novo deseño dos seus órganos e á nova delimitación competencial implantada pola Lei do Consello Consultivo do ano 2014***
- ***Como novidade introdúcese maior presenza dos medios electrónicos e unha regulación máis ampla sobre os votos particulares e o deber de segredo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia adaptado á nova regulación legal e co obxectivo de mellorar o funcionamento deste órgano.

Este novo regulamento desenvolve os aspectos organizativos e de funcionamento do Consello Consultivo atendendo, fundamentalmente, ao novo deseño dos seus órganos e á nova delimitación competencial implantada pola Lei do Consello Consultivo do ano 2014.

Así, o texto regula cuestións relativas á natureza e autonomía deste órgano, como a elaboración dunha memoria anual, o deber de segredo dos seus membros e as consecuencias da omisión do ditame nos supostos en que este sexa preceptivo.

Igualmente, regula cuestións relativas a quen son membros integrantes deste órgano consultivo, as incompatibilidades dos conselleiros/as, a inmovilidade e cesamento dos mesmos, os seus dereitos e obrigas, a abstención e recusación e honras e precedencias.

Polo que respecta á organización do ente, no texto regula tamén a presidencia, o pleno, a Sección de Ditames, a Sección de Estudos e Informes e a Secretaría Xeral. Ademais, establece o funcionamento e procedemento deste órgano, o seu persoal -letrado e non letrado- e a elaboración e execución do seu orzamento.

Principais novidades

Entre as principais novidades do regulamento destacan, por exemplo, a publicación na páxina web do Consello Consultivo dos ditames e a posibilidade de comunicar e remitir ditames e informes preferentemente a través de medios electrónicos.

Tamén se inclúe como novidade a competencia de redacción de anteproxectos legislativos e propostas legislativas, que antes non existía; a regulación das solicitudes de ditames por parte do Consello da Xunta; e a posibilidade de que o presidente autonómico fixe un prazo inferior aos dez días para a emisión dos ditos ditames.

Por último, destaca a inclusión da Sección de Estudos e Informes, que antes tampouco existía, e unha regulación máis ampla sobre asuntos como os votos particulares e o deber de segredo.



A XUNTA TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DO CARBALLIÑO CATRO RÚAS DO NÚCLEO URBANO DO MUNICIPIO

- ***A Administración local pasará a ser titular das rúas Ourense, Conde Vellellano, Julio Rodríguez Soto e Martínez Avellanosa***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***
- ***Corresponderán ao Concello do Carballiño, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos treitos sinalados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se transfire a titularidade ao Concello do Carballiño a titularidade de catro rúas do núcleo urbano do municipio. Dese xeito, a Administración local pasará a ser titular das rúas Ourense, Conde Vellellano, Julio Rodríguez Soto e Martínez Avellanosa.

As rúas transferidas correspóndense cun resto da estrada N-541 (variante do Carballiño) e un resto da estrada OU-202 e o cambio de titularidade realízase en resposta á solicitude do Concello, por seren treitos de antigas estradas autonómicas que discorren polo centro urbano deste núcleo.

Trátase do resto da estrada N-541, coñecida como variante do Carballiño, entre o límite co termo municipal de Maside e a intersección coa estrada OU-208 (Partovia – O Carballiño). O treito correspóndese coas rúas Ourense, Conde Vellellano e a avenida Julio Rodríguez Soto e ten unha lonxitude de 1.090 metros. Tamén figura nesta cesión a antiga estrada OU-202, situada entre a actual N-541 e a N-541 (na confluencia coas rúas Conde Vellellano e Av. Julio Rodríguez Soto), que se corresponde coa rúa Martínez Avellanosa, de 370 metros de lonxitude.

Co cambio de titularidade, o Concello do Carballiño poderá actuar sobre estas vías, que pasan a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas. Cómpre lembrar que a Axencia Galega de Infraestruturas acometeu as melloras solicitadas por este municipio ourensán en materia de firme e na sinalización.


O cambio tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.



Corresponderán ao Concello do Carballiño, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos treitos sinalados, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puiden corresponderlle como nova Administración titular.

No seguinte plano amósanse os treitos de estradas obxecto do cambio de titularidade a prol do Concello do Carballiño.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO DECRETO POLO QUE SE CONXELAN OS PREZOS PÚBLICOS DAS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS PARA O VINDEIRO CURSO 2015/16

- ***O Goberno galego opta, por terceiro ano consecutivo, por manter invariables as taxas, o que confirma as tres universidades do SUG como as máis accesibles de toda España, como vén facendo desde 2009***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto que fixa os prezos públicos dos estudos para a obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional para o vindeiro curso 2015-16, e no cal se establece que se manteñen as mesmas taxas que as establecidas para este curso que agora remata.

O Goberno galego ratifica de novo o obxectivo de manter as taxas universitarias nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) continúan como as máis accesibles de toda España. É dicir, que a Xunta reforza o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos superiores para o vindeiro curso, ao manter os prezos públicos das matrículas de graos e másters universitarios máis baixas de todo o territorio nacional.

A través do decreto aprobado hoxe regúlanse os prezos públicos das ensinanzas renovadas; das ensinanzas de grao adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES); das ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais e dunha profesión regulada en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable; e para as ensinanzas de máster non comprendidas no apartado anterior. En todos os casos se manteñen invariables as contías dos anos anteriores.

Ensinanzas de grao

No caso das ensinanzas renovadas e dos graos adaptados ao EEES, o prezo medio da primeira matrícula será de 9,85 €/crédito para as titulacións encadradas dentro da rama de arte e humanidades e ciencias sociais e xurídicas; e de 13,93 €/crédito para as das ramas de ciencias, ciencias da saúde, enxeñería e arquitectura e grao en Belas Artes. É dicir, no caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan un 84,07% do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 33,52 euros de media de Cataluña.

Para as segundas matrículas (o 10,98% do total) o prezo promedio sería de 16,46 euros (13,62 € para as de ramas de letras e 19,3 para as técnicas); de 26,62 euros para a terceira matrícula e de 33,92 euros para cuarta e sucesivas.

Ensinanzas de máster

No caso das ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais, na primeira matrícula establécese unha taxa de 20,25 €/crédito para os



másters universitarios en profesorado de ESO e Bacharelato, FP e ensinanzas de idiomas, e en avogacía; e de 29,81 € para os másters técnicos (diversas enxeñaría, psicoloxía xeral sanitaria, prevención de riscos laborais e saúde ambiental). Para outras ensinanzas de máster oficial, van dos 21,61 € ata os 31,36 €. Por tanto, tamén no caso dos másters os prezos son os máis baixos, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña.

Galicia, líder no apoio ao estudantado

Cómpre lembrar que Galicia é comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da universidade por motivos extra académicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades emitiu informe favorable a suba mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, no curso 2012/13 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/14 e 2014/15 optouse pola conxelación, igual que se acordou agora para o curso 2015/16.

Doutra banda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria leva anos desenvolvendo políticas activas de apoio ao estudantado universitario a través de liñas de axuda concretas. Neste eido enmárcanse as axudas para que os alumnos que se vexan afectados por causas imprevistas poidan continuar os seus estudos universitarios, que este ano están dotados cun orzamento inicial de 100.000 euros. Tamén se convocarán, un ano máis, as axudas específicas para o inicio de estudos de máster dirixidas a persoa en situación de desemprego, cun orzamento de 200.000 euros e que no pasado curso beneficiaron 61 estudantes. Outras liñas son as convocatorias tanto para o inicio e continuación de estudos universitarios, dirixidas a quen non cumprise os requisitos académicos adicionais exixidos polo Ministerio, e do cal se beneficiaron neste curso que agora remata 147 estudantes.



A XUNTA PECHARÁ ACORDOS COAS ENTIDADES DE CRÉDITO PARA PARALIZAR OS DESAFIUZAMENTOS POR EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS E DEDICAR VIVENDAS BALEIRAS A ALUGAMENTOS SOCIAIS

- ***O Consello autorizou hoxe os termos dos convenios que o Instituto Galego da Vivenda e Solo asinará cos bancos para reforzar a política social de vivenda***
- ***O obxectivo é que as familias afectadas por execucións hipotecarias permanezan nas vivendas***
- ***As vivendas baleiras que cedan os bancos destinaranse a afectados por desafiuzamentos por falta de pagamento do alugueiro e a outros colectivos con dificultades***
- ***Estes acordos da Xunta coas entidades financeiras son un programa pioneiro en España que se enmarca no Plan rehaVita***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades de crédito presentes en Galicia para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión á Xunta de vivendas baleiras co obxecto de destinalas a alugueiros sociais.

Esta medida, pioneira en España, desenvolve o establecido no Plan ReaVita, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015, e reforza as actuacións realizadas ao abeiro do Programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias, vixente desde decembro de 2012.

En virtude do acordo aprobado hoxe, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá asinar convenios coas entidades financeiras establecendo dous tipos de actuacións. Trátase, en primeiro lugar, de posibilitar a permanencia na vivenda das persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria, e pola outra, de destinar parte das vivendas baleiras de propiedade da entidade ou das empresas pertencentes ao seu grupo empresarial ao aluguer social, a dar cobertura a outros afectados por procedementos de execución hipotecaria ou desafiuzamento por falta de pagamento de rendas, así como a outras persoas con especial dificultade de acceso á vivenda.

Execucións hipotecarias

As entidades de crédito comprometeranse a poñer en coñecemento da Xunta todos os casos de execucións hipotecarias nos que estea autorizado xudicialmente o lanzamento e que afecten a persoas físicas ás quen non lles resulten de aplicación as medidas contidas na lexislación estatal de protección de debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, cuestión que deberá acreditar no expediente a entidade de crédito.

Así mesmo, as entidades de crédito comprometeranse a non facer efectivo o lanzamento ata que se acade unha solución que permita a permanencia da familia afectada na vivenda que viña ocupando como vivenda habitual e permanente.



Dese xeito, os afectados poderán permanecer na vivenda durante o prazo dun ano, prorrogable ata un máximo de tres anos pagando un alugueiro mensual de entre cero e 75 euros ao mes e deberán asumir os gastos de mantemento das condicións de habitabilidade da vivenda.

Cesión de vivendas para alugamento

Doutra banda, as entidades asinantes dos convenios cederanlle á Xunta o usufruto dun número determinado de vivendas, propiedade da entidade financeira ou as sociedades do seu grupo empresarial, que serán destinadas a alugamento social. A renda que deberán aboar os inquilinos será de entre cero e 125 euros ao mes.



CULTURA E EDUCACIÓN REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA INVESTIGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS COA CONVOCATORIA DE 8 BOLSAS DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***Os bolseiros desenvolverán o seu labor neste centro ata o ano 2017, o que supón unha oportunidade para que os titulados das universidades poidan iniciar a súa actividade neste eido***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria de 8 novas bolsas de formación en proxectos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), o que vén reafirmar o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, co fin de avanzar na súa normalización e promover o seu uso en todos os eidos profesionais e sociais.

A convocatoria destas bolsas vai dirixida a titulados universitarios, coa finalidade de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora. En concreto, os proxectos incluídos na convocatoria son o Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (CORGA/XIADA), o Corpus documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA), a Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), o Proxecto Terminoloxía científico-técnica, o de Informes de Literatura, o de Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos, o proxecto Lírica profana galego-portuguesa e o de Dimensión da identidade colectiva de Galicia.

Poderán presentarse á convocatoria os licenciados ou graduados nas titulacións de ciencias políticas e da administración, historia, documentación, tradución e interpretación e filoloxías. Ademais os aspirantes deberán acreditar posuír os requisitos específicos para cada proxecto, tales como coñecementos de informática, estar capacitado para ler e traducir textos en diferentes linguas románicas no estado medieval, práctica na elaboración de repertorios bibliográficos comentados ou manexo de procesadores de texto e bases de datos, entre outros. Os bolseiros desenvolverán o seu labor neste centro ata o ano 2017, o que supón unha oportunidade para que os titulados das universidades poidan iniciar a súa actividade neste eido.

Traxectoria do CRPIH

Unha faceta fundamental do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é a súa contribución á formación investigadora. Nestes 22 anos, pasaron polo CRPIH 445 investigadores/as diferentes: 308 bolseiros/as galegos/as que se formaron participando nos proxectos do Piñeiro e outros/as 137 bolseiros/as dos máis diversos países do mundo que estiveron un semestre desenvolvendo traballos de investigación propios asesorados polos directores de proxectos semellantes aos seus do centro de investigación que hoxe cumpre dúas décadas. Moitos destes bolseiros son hoxe doutores, profesores universitarios ou



—

docentes no ensino medio e, dende os seus postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

Actualmente, o Centro Ramón Piñeiro ten en marcha un total de 20 proxectos de investigación. Na área de lingua, avánzase no Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), no CoToVía (sintentizador de voz para o galego), na Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), no Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA) ou na liña de investigación de fraseoloxía galega.

Na área de literatura, hai proxectos orientados á literatura medieval, como Arquivo Galicia Medieval, e outros dirixidos ao estudo da literatura galega contemporánea, coma o de Bibliografía da literatura galega, o Dicionario xeral de termos literarios, os Informes de literatura, os proxectos de recuperación de narrativa, de poesía ou de revistas dos séculos XIX e XX ou os Cadernos Ramón Piñeiro. Ademais, prodúcense obras de filosofía, de socioloxía, de cine ou de ciencia política.



O SERGAS PRORROGA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL ALCER POR UN IMPORTE DE AO REDOR DE 635.000 EUROS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais (Alcer-Lugo), que ten por obxecto manter un procedemento que permita simplificar as prestacións por desprazamentos dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia.

O importe total da subvención, que ten unha duración dun ano contando desde o momento da súa formalización, é de 634.792,56 euros para o período 2015-16.

A xestión e coordinación deste transporte lévase facendo dende maio do ano 2004, sendo de mutuo interese entre Alcer e o Sergas, posto que permite unas condicións máis axeitadas para o traslado dos pacientes de diálise para recibiren o tratamento, xa que non se recomenda conducir nin antes nin despois deste, e si estar un tempo en repouso, pois é habitual a sensación de cansazo durante unas horas e, ademais, trátase de optimizar as condicións deste transporte agrupando rutas e horarios de tratamento.



A AXENCIA GALEGA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE TERÁ UN PAPEL FUNDAMENTAL COMO MARCO DE COORDINACIÓN, COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN ENTRE OS SECTORES IMPLICADOS NA I+D+i DA SAÚDE

- ***Este novo organismo aglutinará os recursos dos cales actualmente dispón a Fegas, a Subdirección de Investigación, Docencia e Investigación do Sergas, e as unidades de innovación e Avalia-t, da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública***
- ***Integrará 36 persoas e logrará novas sinerxías e complementariedades***

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, solicitou ao Consello Consultivo un informe sobre o decreto de creación da Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde. Esta nova axencia terá un papel fundamental como marco de colaboración, cooperación e comunicación entres os diferentes sectores implicados na I+D+i da saúde nos diferentes niveis, autonómico, estatal e internacional.

A Axencia aglutinará os recursos de que actualmente dispón a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), a Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación do Sergas, e as unidades de innovación e Avalia-t (a Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia), da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Isto implica integrar 36 persoas no novo organismo e suporá un modelo máis aberto, que traballe internamente máis coordinado e dun xeito máis áxil, evitando compartimentos estancos dentro da axencia. Dende o punto de vista externo, permitirá ter unha mellor coordinación á hora de traballar co resto de actores do ecosistema, como a Axencia Galega de Innovación e os institutos de investigación sanitaria.

A creación da Axencia enmárcase na estratexia da Administración pública autonómica para a configuración de entidades públicas instrumentais, capaces de garantir a flexibilidade na xestión, a autonomía, a promoción da eficiencia e a responsabilidade por resultados. Isto é especialmente relevante no ámbito da saúde, da I+D+i e da xestión do talento, que requiren de estruturas especializadas para unha correcta xestión.

Obxectivos

O 17 de decembro de 2013 aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de racionalización do sector público autonómico, como unha aposta pola optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión, así como o logro da máxima coordinación entre as distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia. Esta lei recolle, no seu título IV, a autorización para a creación dunha axencia en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, configurándoa como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de sanidade. Os seus fins xerais e obxectivos básicos considerados son: realizar a xestión da formación no sistema público de saúde de Galicia; o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias



do Servizo Galego de Saúde; a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; e, ademais, a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.



A XUNTA REBAIXARÁ OUTRO 15% O VALOR DOS INMOBLES URBANOS, QUE XA É A METADE QUE HAI TRES ANOS

- *Esta rebaixa entrará en vigor en xullo e súmase á diminución media do 34% rexistrada dende o ano 2012*
- *A Xunta vai simplificar as valoracións de bens urbanos para que se adapten de forma máis exacta a cada caso concreto*
- *O novo modelo basearase nos valores catastrais e permitirá acadar unha maior individualización*
- *É o medio de valoración máis consolidado en España, pois xa está implantado en sete comunidades autónomas*
- *A Axencia Tributaria de Galicia combinará este método coa Orde de prezos de medios de mercado, que se emprega na valoración de bens rústicos*

A Xunta rebaixará para o segundo semestre do ano un 15% as valoracións de inmobles urbanos, de xeito que a diminución nos últimos tres anos situarase practicamente no 50%, é dicir, a metade que no 2012. Estes valores son os que se utilizan no momento de tributar polos principais impostos da Comunidade: o imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) e o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD).

A rebaixa media nas valoracións dos bens inmobles de carácter urbano elevarase ao 15% a partir do vindeiro 1 de xullo, que se suma á diminución do 34% rexistrada dende o ano 2012, segundo un informe presentado no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

Ademais, a Administración galega vai simplificar tamén dende o 1 de xullo o procedemento de valoración dos bens inmobles urbanos, para que os valores se adapten de forma máis exacta a cada caso concreto.

Deste xeito, a Xunta modifica o ámbito de aplicación da Orde de prezos medios de mercado e introduce un novo medio de valoración para os bens urbanos, que se baseará en coeficientes sobre os valores catastrais en función do último ano de actualización dos relatorios e da evolución do mercado en cada municipio. Isto permitirá acadar valoracións máis individualizadas en cada inmovle.

Medio consolidado

Na actualidade, a utilización dos valores catastrais na valoración de inmobles urbanos é o medio de valoración máis consolidado en España, pois está implantado en sete comunidades autónomas: Andalucía, Valencia, Asturias, Cantabria, Aragón, Extremadura e Castela- A Mancha. Ademais, conta xa cun importante aval xurisprudencial.

A Administración galega vai combinar este método de valoración coa actual Orde de prezos medios de mercado, un medio que se emprega na comprobación de valores nos bens inmobles rústicos.



A través deste sistema, o contribuínte seguirá coñecendo con detalle o valor de mercado dos inmobles que fixa a Administración para todo o territorio galego. Por tanto, lógrase unha maior transparencia e obxectividade, e garántese un tratamento administrativo homoxéneo en todo o territorio, asegurando a equidade. O modelo achega igualmente seguridade xurídica ao cidadán, xa que a Administración se vincula cos valores publicados.

Con este modelo séguese favorecendo tamén a simplificación e a axilización da compravenda de inmobles, cun sistema que achega información obxectiva e que evita a fraude fiscal e mellora a eficiencia na xestión tributaria.

